



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO LIBRO E A LECTURA NO ANO 2020

A Consellería de Cultura e Turismo dentro do ámbito competencial que a Xunta de Galicia ten atribuído en materia de fomento da cultura, vén realizando dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción do libro e a lectura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) vén desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión da cultura, entre as que está a de promoción do libro galego e da lectura, e para seguir nesta vía, precisa de colaboracións institucionais ao non contar cos medios suficientes que garantan a consecución deses obxectivos.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega aglutina a maior parte dos escritores e escritoras en lingua galega e ten como obxectivos fundamentais a promoción de autores e autoras e a súa obra, a normalización tanto do feito literario e da profesión de persoas escritoras, o fomento das relacións entre os escritores e escritoras galegos, tanto entre eles, coma entre todos as persoas escritoras do mundo, especialmente da área lusófona, a normalización plena da lingua galega, a promoción da nosa cultura dentro e fóra do noso país, permitindo un maior coñecemento da mesma e a utilización do noso idioma como canle único de comunicación social.

O seu labor como catalizador esencial da produción intelectual galega no plano da escrita ten unha enorme transcendencia, pois dálle un sentido colectivo a unha actividade que actualmente resulta sumamente difícil desde o esforzo individual, debido á inmensa competencia rexistrada no eido da expresión escrita, e na que a integración dos interesados/as contribúe decisivamente á creación dunha imaxe de marca da produción galega.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



Co obxecto de promover a creación literaria e debido á transcendencia cultural das actividades a desenvolver, a Consellería de Cultura e Turismo decidiu colaborar no proxecto, que permite levar a cabo actividades culturais relacionadas co mundo literario, sendo a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a única entidade coas condicións e características idóneas para a realización destas actividades.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo ten previsto organizar neste ano 2020, un programa de dinamización cultural formado por distintas actividades de promoción do libro e da lectura entre as que están: Gravação de entrevistas para a sección “Mestras/es da Memoria”; mantemento da sección “Palabras con Memoria” da web da AELG; organización de obradoiros de creación literaria a través da “Escola de Escritoras e Escritores”; Tres sesións de gravación de entrevistas e fotografías a socios/as e subida á web dos contidos obtidos.; homenaxe a Vitor Vaqueiro dentro da actividade “O/a escritor/a na súa terra”.

A Consellería de Cultura e Turismo comprométese a entregarlle á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a cantidade de quince mil euros (15.000 €), como contribución para os gastos de funcionamento da asociación e para a realización das actividades de promoción do libro e da lectura no ano 2020 que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia do presente convenio. Esta cantidade librarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, fondos propios, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, co código de proxecto 201500372:

-11.20.432B.481.2: 5.000 €

-11.20.432B.781.1: 10.000 €

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega é a entidade oficial encargada de promocionar os autores/as da literatura galega e as súas obras literarias en todas as súas manifestacións (poesía, narrativa, teatro, ensaio, escrita científica, tradución, entre outras). Por isto, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para o ano 2020, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



obxectivos, así como o interese social das mesmas, a sinatura deste convenio encádrase, nos que non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia, sendo a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a única que pode desenvolver na nosa comunidade autónoma as devanditas actividades.

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo Manuel Lorenzo Suárez



Xacobeo 2021

